

Decembro 2017

O conselleiro de Educación non asume ningunha das reivindicacións do persoal da concertada para o exercicio 2018

Tras a reunión celebrada o 5 de decembro coas organizacións sindicais, Román Rodríguez aludiu a que “non hai capacidade orzamentaria nestes momentos” para atender ningún dos puntos que lle foron trasladados: o abono da coordinación da dinamización lingüística e da paga extraordinaria de antigüidade e a recuperación dos recortes salariais. A CIG-Ensino lembroulle que os orzamentos para 2018 aínda se están negociando no Parlamento e que a oposición presentou emendas recollendo estas demandas. Así mesmo, insistiu en que o Acordo de Mantemento do Emprego non implica ningún gasto para a administración e que suporía a estabilidade dos postos de traballo que ten actualmente este sector.

O conselleiro de Educación **Román Rodríguez** pechou a porta a incluír ningunha mellora salarial para o persoal da concertada, que suma máis de **7.000 traballadores e traballadoras** en toda Galiza, nos orzamentos do vindeiro ano. Nunha reunión cos representantes dos sindicatos escudouse en que “*non existe capacidade orzamentaria nestes momentos*” para sufragar as reclamacións que lle foron entregadas por escrito en varias ocasións este ano.

Así pois, o proxecto de Lei de Orzamentos para 2018 seguirá tendo bloqueadas as negociacións laborais e salariais, tal e como se recolle no seu artigo 53.2, malia que os principais partidos da oposición incluíron enmendadas co fin de desbloquear este punto.

O conselleiro non atendeu poolo tanto ningunha das reclamacións que se lle expuxeron, como a recuperación dos recortes laborais que vén sufrindo este colectivo desde hai sete anos, nin o abono da paga extra de antigüidade dos 25 anos, que é Galiza a única comunidade que non a paga, nin da coordinación polo departamento de normalización lingüística.



Acordo de Mantemento do Emprego

Pola súa banda, o representante da CIG-Ensino, Henrique García, insistiu en que a Consellaría debería sumarse á **Comisión Tripartita do Ensino Privado Concertado** para asinar o **Acordo de Mantemento do Emprego (AME)** que funcionou con diversos gobernos na Xunta no período 1991-2009. Este acordo suporía que a perda de unidades non tería repercusión nos postos de traballo porque as persoas afectadas recolocaríanse noutros centros concertados e non significaría ningún incremento de gasto para a Xunta de cara aos orzamentos. Os representantes da administración insistiron en que estas negociacións deberían cingirse á patronal e aos sindicatos.